# TAREFAS SEMANA 11 AO 15 DE MAIO

# 3ºA E 3º B EDUCACIÓN PRIMARIA

---

MOITO ÁNIMO NENAS E NENOS!

SODES MOI VALENTES,

XA QUEDA MENOS !




## CEIP CANOSA-RUS

---

AS PROFES SARA, SUSANA E CRIS

UNHA APERTA VIRTUAL MOI GRANDE PARA VÓS!

## Proposta de actividades a realizar polo alumnado de 3ºA e 3ºB para a semana do 11 ao 15 de maio

Nenas e nenos de terceiro: Xa estamos na segunda semana de maio e ímonos afacendo a traballar deste xeito. Agora xa se vos vai facendo máis levadeiro porque podedes saír un pouquiño. Xa queda menos para vernos!

**SEGUIMOS NA CASIÑA!**

### Seguimos recordándovos cousiñas… Como imos estruturar o noso traballo semanal?

- ✓ Todos os luns entre as 9.00h e 10.00h da mañá colgaremos un novo pdf na páxina web con tarefas e indicacións semanais. Lembrade ver os pdf tamén das especialistas: inglés, educación física, música e relixión. **Fixádevos ben a que correos electrónicos debedes enviar os vosos traballiños.**
- ✓ De momento seguiremos alternando traballos que podemos facer cos libros de texto que tedes na casa e traballos con outros recursos que non sexan os libros (fichas, páxinas de internet, creación, etc…), sempre intentando que as actividades as poidades facer coa maior facilidade e autonomía posible e sen que teñades que imprimir nada.
- ✓ Haberá outras actividades que podedes enviar de modo voluntario para colgar nos diferentes blogs. Se vos apetece tamén nos podedes enviar algún traballiño que teñades interese que vexamos: un debuxo, unha tarefa moi ben organizada e escrita… Por certo, tamen podedes enviar algunha foto coas vosas mascotas ou outros animais que coidedes, coas vosas árbores froiteiras, coas sementes que botaches… No caso de que nos enviedes estas fotos, é conveniente que os vosos pai ou a nai, a través do Abalar, nos autorice a utilizalas para subilas aos nosos blogs escolares e vídeos que se vaian facendo.

## Como me podo organizar?

- ✓ Debes intentar traballar diariamente, establecendo un horario. É recomendable que os luns, cando chegan as tarefas, organices o traballo nese horario para saber o que vas facer cada día. **É mellor que vaias facendo as tarefas pola mañá, e así quédache a tarde libre para o que queiras**. Ánimo! Sabemos que xa o estás facendo xenial!.
- ✓ Fai o que poidas. Se tes algunhas dúbida podes preguntarnos a través do Abalar ou do correo electrónico de cada mestra. Cada titora e cada especialista temos un correo electrónico diferente e resolverémosvos todas as dúbidas que poidamos. Tamén podemos manter contacto telefónico cando sexa preciso.
- ✓ Se aínda así tes dificultades, non te preocupes. Xa o aprenderemos á volta. **É moi importante ir amodo e facendo o traballo ben presentado, con boa caligrafía e revisando. Estamos observando que nisto fallades un pouquiño.**
- ✓ Lembra: sería bo que che pregunten a táboa todos os días! Así conseguirás memorizala!.
- ✓ Le moito (uns 20 minutos ao día como mínimo sería o recomendable) e xoga tamén todo o que podas coa túa familia.
- ✓ Colabora coa túa familia nas tarefas da casa que poidas facer.
- ✓ Se vives nunha casiña con horta, observa a natureza, axuda a plantar produtos hortícolas, aprende moito de plantas e dos animais... Se queres, podes comunicarnos aos nosos correos sobre algo que aprendas estes días relacionado con estes temas. Estamos desexando saber cantas cousas podedes descubrir!

## Imos xa coas novas tarefas

# LINGUA GALEGA

1ª sesión: Escribe un pequeño textiño ou envíanos un audio, se queres, contándonos como te sentes estes días que tes que estar na casa. É unha actividade de reflexión, que, é probable que nolo queiras contar. As vosas "profes" estamos desexando escoitarvos! Esta actividade tamén vale como tarefa de Valores Sociais e Cívicos.

2ª sesión: Hai unha actividade na ficha de Ciencias Naturais (con marco  ), que nos vale tamén para a expresión escrita de lingua. **Esta é unha actividade que queremos que nos mandes ao final de semana**. Polo tanto, pon toda a atención na redacción, puntuando o mellor que poidas e coidando a caligrafía, a ortografía e a presentación. (Ide as actividades de Ciencias Naturais).

Se non coñeces algunha palabra, búscaa no dicionario. Tamén as podes buscar no dicionario da Real Academia Galega:

https://academia.gal/dicionario

3ª sesión: Xa hai varias semanas que vos estamos recomendando traballar coas actividades interactivas de http://www.seminariogalan.org/

Pois agora con máis razón tedes que dedicarlle algún tempiño a facelas. Así coñeceredes a figura do escritor ao que se lle dedica o Día das Letras Galegas, o 17 de maio.

Esta semana ímosvos pedir que debuxedes un retrato de Carballo Calero, tamaño folio. Se a ti che parece que che quedou bonito, mándonolo e algúns vanse colgar nos diferentes blogs, incluído:

https://ventevindo.wordpress.com/

Tamén che anunciamos que, con algunhas poesías, bandas deseñadas, debuxos… montaremos un vídeo para celebrar o dia das Letras. Aínda podes enviar os teus traballos se non o fixeches, pero faino axiña porque temos que corrixilo primeiro.

# LENGUA CASTELLANA

1ª sesión: Esta semana vamos a repasar un poquito de ortografía de "mp, mb". Ve al tema 10, a la página 140. Lee el cuadro marrón y haz los ejercicios 1, 2 y 3.

2ª y 3ª sesión: Ficha de comprensión lectora de *Pimpán, el orangután* (con marco ).

En este enlace tienes el cuento que ya has leído hace dos semanas. Puedes leerlo de nuevo para contestar a las preguntas. Esta vez puedes contestar a las preguntas en bolígrafo! Piensa bien lo que quieres responder y busca la información en el cuento. ¡Te va a salir genial!

https://issuu.com/grupoanayasa/docs/bc00436801_animalesenpeligro

Ya sabes que si desconoces alguna palabra, puedes buscarla en el diccionario. Puedes utilizar el ordenador y buscarla en la página de la Real Academia Española: https://www.rae.es/ ¿Lo has intentado ya?

## LECTURA

Y recuerda que sería bueno que siguieses leyendo por lo menos 20 minutos al día. En tu casa seguro que tienes muchos cuentos. En todo caso, te pedimos que continúes leyendo los cuentos siguientes del enlace anterior. Son muy bonitos, muy interesantes y entretenidos. Vamos a seguir trabajándolos, así que conviene que adelantes trabajo.

https://issuu.com/grupoanayasa/docs/bc00436801_animalesenpeligro

# <u>CIENCIAS NATURAIS</u>

Observación: Esta semana imos facer actividades de repaso, algunha de investigación e algo de ampliación de Ciencias Naturais. Imos repasar o tema 1: Os seres vivos. Os animais. Por iso debes ler todo o tema.

Hai actividades nas fichas que se achegan (con marco  ). Non é preciso que imprimas. Responde no teu caderno fixándote nas ilustracións.

Imos pedirche que nos **envíes a páxina que ten o símbolo**  Esta actividade relacionámola coa expresión escrita de Lingua Galega.

Coida a presentación e a ortografía!

# <u>MATEMÁTICAS</u>

Seguir repasando las tablas de multiplicar todos los días.

Hacer en la libreta las fichas (con el marco  ). Recuerda que no es necesario que imprimas.

Los problemas debes de leerlos varias veces y si puedes, explícalos en voz alta. Copia los datos, después resuelve y finalmente pon la solución.

**Debes enviarnos las fichas que son para entregar que tienen el símbolo**



Cuando termines, revisa.

# PLÁSTICA

Retrato do escritor Carballo Calero (ver fotos e caricaturas nas fichas con marco ). Se non che convencen estas, podes ti buscar na internet outras imaxes. Este traballiño se ti cres que che quedou ben, envíanolo.

Esta semana tamén nos gustaría recibir os debuxos das Letras Galegas que pedimos que fixerades as primeiras semanas. As profes queremos montar un vídeo cos vosos debuxos, cómics e poesías!

## RESUMO DAS TAREFAS PARA ENVIAR ESTA SEMANA

**LINGUA GALEGA/CIENCIAS NATURAIS**: Redacción sobre o morcego. Ten o símbolo

**LINGUA GALEGA / VALORES**: Redacción breve ou un audio contando como te sintes.

**MATEMÁTICAS**: follas co símbolo

**OPCIONAIS** (se quedan moi ben): (**PLÁSTICA**) Retrato de Carballo Calero. Tamén é opcional enviarnos un debuxo relacionado coas Letras Galegas e que mandamos o último día de clase. Ten que ser moi bonito!

# RESUMO DE TAREFAS DE ESPECIALISTAS PARA ENVIAR ESTA SEMANA

**EDUCACIÓN FÍSICA:** ver actividades indicadas para enviar no pdf de Educación Física na páxina web. Envialas ao correo de Ana: efcanosarus.2020@gmail.com

**RELIXIÓN**: ver as actividades indicadas para enviar no pdf de Relixión na páxina web. Envialas ao correo de Loly: CanosaRLoly@gmail.com

## LEMBRA

**3ºA:** para as tarefas de Lengua Castellana, Lingua Galega, Plástica e Valores Sociais e Cívicos (Cris): tarefascristerceiro@gmail.com

Para as tarefas de Mátemáticas, Ciencias Naturais, Ciencias Sociais e Música (Sara): tarefas.sara@gmail.com

**3ºB:** o correo de Susana é: tarefassu@gmail.com

## OUTRAS COUSIÑAS

Gustaríache aprender a escribir rápidamente no teclado? Pois se queres, podes practicar mecanografía! Estes enlaces pódenche valer.

http://juegosdemecanografia.com/juegos/rapido-con-las-letras/

http://www.interdidactica.es/index.php?lan=es&game=me035

http://juegosdemecanografia.com/juegos/cuidado-con-las-brujas/

Moitísimo ánimo nenas e nenos! Xa queda menos para vernos. Botámosvos moitísimo de menos! Unha aperta moi grande de:

Susana, Sara e Cris.

#todovaisaírben #quedanacasa

# CIENCIAS NATURAIS

1) Le a información sobre estes animais e escribe os seus nomes nas tres táboas de clasificación.



**Caracol:** aliméntase de follas de plantas; pon ovos.



**Pomba:** come follas, froitos e sementes; pon ovos.



**Ra:** caza e devora pequenos animais; pon ovos



**Cangrexo:** come algas e animais mortos; pon ovos.



**Can:** aliméntase de carne e de vexetais; pare os seus cachorros.



**Lagarto:** caza e devora pequenos animais; pon ovos.



**Augamar:** caza e devora pequenos animais; pon ovos.



**Elefante:** aliméntase de plantas; pare as súas crías.

| ANIMAIS HERBÍVOROS | ANIMAIS CARNÍVOROS | ANIMAIS OMNÍVOROS |
|---|---|---|
| | | |

| ANIMAIS OVÍPAROS | ANIMAIS VIVÍPAROS |
|---|---|
| | |

| VERTEBRADOS | INVERTEBRADOS |
|---|---|
| | |

2) Nomea cinco seres vivos pertencentes á fauna do lugar no que vives.

-------------------------------------------------------------------------------------

-------------------------------------------------------------------------------------

-------------------------------------------------------------------------------------

-------------------------------------------------------------------------------------

3) Na Terra hai varios tipos de seres vivos. Nomea:

a) Un animal e unha planta: ........................................................................

...........................................................................................................

b) Dous seres que non sexan nin animais nin plantas: .......................................

...........................................................................................................

4) Nomea catro seres vivos acuáticos.

...........................................................................................................

5) Explica que son os animais:

a) Ovíparos .....................................................................................................

...........................................................................................................

b) Vivíparos .....................................................................................................

...........................................................................................................

6) Segundo a súa alimentación, os animais clasifícanse en tres grupos:

a) Herbívoros, que comen ......................................................................................................

b) ......................................................., que se alimentan doutros animais.

c)..................................................., que se alimentan de ..............................

7) Realiza este experimento: **OBSERVAMOS O MOFO DO PAN**

**Materiais que necesitas:**

- Pan de molde
- Auga
- Bolsa de plástico
- Lupa

**Que tes que facer?**

1.Colle un anaco de pan.

2.Humedéceo un pouco.

3.Introdúceo dentro da bolsa de plástico.

4.Gárdao nun lugar fresco e escuro.

5.Espera catro ou cinco días e sácao para examinalo.

6.Obsérvao a simple vista e, a continuación, coa lupa.

Que vas observar:

Con este experimento aprenderás que sobre o pan crecen unhas manchas verdosas ou esbrancuxadas formadas por unha especia de peluxe. Isto que crece sobre o pan chámase mofo e non é nin unha planta nin un animal: é un fungo.



Escribe o que ti observaches no pan do teu experimento. Pasoulle así? Cantos días tardou o pan en botar o mofo? Se o experimento che saíu, faille unha foto e mándanola, así podemos velo. Tes que agardar un pouquiño.

## Actividade Lingua Galega / Ciencias Naturais

8) Describe este animal no teu caderno. Utiliza o vocabulario que xa coñeces (vertebrado, invertebrado, ovíparo, vivíparo, mamífero, peixe, réptil, ave, omnívoro, carnívoro, herbívoro...). Buscar a información nunha enciclopedia ou na internet. A páxina dos ríos galegos é moi interesante. Se tes tempo, busca outros animais nela. Xa verás canto aprendes!

https://gl.wikipedia.org/wiki/Morcegos

https://www.rios-galegos.com/mam6.htm

Sigue esta guía: como se chama, que clase de animal é, de que se alimenta, curiosidades... Escribe un mínimo de oito liñas. ESTA ACTIVIDADE DEBES ENVIÁRNOLA. Se queres, tamén podes facer un debuxo.



O morcego

# COMPRENSIÓN LECTORA. EXPRESIÓN ESCRITA

Cuentos cortos de animales en peligro de extinción. "Pimpán, el orangután". Jordi Sierra i Fabra.




Ya has leído con calma el cuento, así que puedes hacer estos ejercicios. Si es necesario vuelve a leer el cuento:

https://issuu.com/grupoanayasa/docs/bc00436801_animalesenpeligro

Esta ficha la debes hacer en tu cuaderno. Si no quieres copiar el enunciado, pone el número y contesta, pero con la respuesta completa.

## PIMPÁN, EL ORANGUTÁN

1) ¿En dónde vivía Pimpán?
2) ¿Qué era lo más divertido para él?
3) ¿Por qué los animales se enfadaban con Pimpán?
4) Explica el significado de estas frases:
   a) "No parabas ni cuando te llevaba dentro"
   b) "Se vio despedido hacia arriba"
5) ¿Qué le pasó justo cuando salió de la selva?
6) ¿Qué pretendían hacer los hombres con nuestro orangután?
7) ¿Qué animal vio lo que le había pasado a Pimpán? ¿A quién se lo contó?
8) ¿Quiénes liberaron finalmente a Pimpán? ¿Cómo lo consiguieron?
9) ¿Qué le dijo el búho que hizo cambiar el comportamiento de Pimpán?

10) Elige los adjetivos que se corresponden con Pimpán. (¡Pista! Sobran tres)

    Curioso - tranquilo - juguetón - juerguista - predecible - desconcertante - travieso - liante - soso

11) Escribe un texto (mínimo cinco renglones) explicando cómo es un orangután. (¡Pista! Léete bien las páginas finales).
12) Explica las razones por las que los orangutanes están en peligro de extinción.
13) ¿En qué dos islas hay orangutanes?
14) ¿Te gustó este cuento? ¿Por qué? Escribe algo que te haya sorprendido de los orangutanes.
15) Dibuja a Pimpán en medio de la selva. Puedes hacerlo en un folio a parte o en tu cuaderno al terminar las preguntas.

# MATEMÁTICAS - PROBLEMAS

**Problema 1:** En un huerto nacieron 4.350 lechugas, 2.710 zanahorias y 3.500 tomates. ¿Cuántos productos nacieron en la huerta?

**Problema 2:** Clara tiene 3 paquetes de caramelos con 10 caramelos en cada uno. ¿Cuántos caramelos tiene en total?

**Problema 3:** El colegio de Ana tiene 4 pisos. En cada piso hay 12 aulas con 30 pupitres cada una. ¿Cuántos pupitres hay en el colegio?

**Ejercicio 4:** Un camión transporta 6.432 kilogramos. Averigua cuánto transportan 8 camiones iguales.

**Ejercicio 5:** En una fábrica de conservas tienen 2.749 melocotones y meten ocho en cada bote, ¿cuántos botes necesitan? ¿sobran melocotones?

**Ejercicio 6:** En una charca hay 34 parejas de ranas. ¿Cuántas ranas hay en la charca?

**Ejercicio 7:** Alejandro tiene 5 amigos: Ana y Javier tienen 8 años; Raquel, Pedro y Carlos tienen 9. ¿Cuántos años tienen en total Ana, Raquel y Carlos?

# MATEMÁTICAS - ENTREGAR

**Cálculo 1:** Completa la tabla

| Dividendo | | 5.814 | | 4.520 |
|---|---|---|---|---|
| Divisor | 3 | 4 | 4 | 7 |
| Cociente | 812 | | 240 | |
| Resto | 1 | | 0 | |

**Cálculo 2:** Une con una flecha cada operación con su resultado

| | |
|---|---|
| Mitad de 16 | 40 |
| Tercio de 15 | 4 |
| Doble de 20 | 8 |
| Cuádruple de 8 | 54 |
| Triple de 18 | 5 |
| Cuarto de 16 | 32 |

**Cálculo 3:** Calcula el resultado de las siguientes operaciones.

| | | |
|---|---|---|
| 7.125 + 866 + 496 = | 577 + 25 + 492 = | 9.641 + 589 + 12 = |
| | | |
| 4.365 – 2.326 = | 916 – 463 = | 1.587 – 1.134 = |
| | | |

# MATEMÁTICAS - ENTREGAR

| 587 x 25 = | 246 x 34 = | 965 x 86 = |
|---|---|---|
| | | |
| 2.976 : 3 = | 254 : 2 = | 8.633 : 7 = |
| | | |

**Cálculo 4:** Escribe el anterior y el posterior de estos números:

______ 250 ______ ______ 502 ______

______ 155 ______ ______ 298 ______

______ 607 ______ ______ 995 ______

**Cálculo 5:** Fíjate en el ejemplo. Descompón y escribe cómo se leen los siguientes números:

345 = 3 C + 4 D + 5 U = 300 + 40 + 5

Trescientos cuarenta y cinco

159 =

24 =

76 =

263 =

890 =

6 =

# MATEMÁTICAS - ENTREGAR

Observa a seguinte gráfica e contesta as preguntas, tendo en conta os datos aportados:




A) La madre de Juan le quiere comprar para su cumpleaños un balón, las canicas y el juego Uno, ¿cuánto dinero se va a gastar?

B) Ordena los juegos, teniendo en cuenta su precio, del más caro al barato.

# MATEMÁTICAS - ENTREGAR

C) ¿Cuánto cuestan un parchís, un álbum de cromos y un twister en total?

D) A Julia le dejó su madre 20 €. Ella se compró el juego UNO y un parchís, ¿cuánto dinero le sobró?

E) ¿Qué es más barato, las canicas o el álbum de cromos?

F) ¿Cuál es el producto más caro? ¿y el más barato?

G) Manuel tiene 9 €, y se quiere comprar un álbum de cromos y un parchís, ¿le llega el dinero? ¿cuánto le falta?

# ESCRITOR HOMENAXEADO ESTE ANO O DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Nestas fotografías e caricaturas, podes inspirarte para debuxar o retrato do autor. Faino tamaño folio e aconsélloche que lle poñas un marco.

Fotografías e caricaturas de Carballo Calero (él escribía Carvalho Calero)




© Mon




JUAN J. VEIGA

